



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE OUTUBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1505/2010.- Esperanza Parrado Campos.- Reforma da cuberta do inmovible sito na rúa Campo de Santa Marta nº 14.

Lic/151/2008.- Lorena Mariño Vázquez.- Vivenda unifamiliar no lugar de Marmancou.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

2110/10.- María Vieito Liñares.- Expte. Lic/1810/2008 1.500 €.-

APERTURAS.-

Lap/255/2009.- Miguel García Sabel.- Apertura de canteira sita na Paraxe de Monte Naveira, Parroquia de San Miguel . Remitir á Consellería de Medio Ambiente.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/1984/2008.- CONSELLERÍA DE SANIDADE ASITENCIA SANITARIA.- Construcción de CENTRO DE SAÚDE DE GALERAS E XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA na rúa Entreríos.

LIC/756/2010.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Construcción dunha rampla, desprazamento árbore, restauración e pintado varandas e mellora e reubicación de sinais no Conxunto parroquial de San Paio de Sabugueira.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO.- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles que se poideran producir nos bens e servizos públicos municipais derivados da celebración do concerto de JEAN MICHEL JARRE. O importe da fianza é de 12.000 €.

5.- SOLICITUDE TRANSMISIÓN LICENCIA AUTOTAXI NÚM. 64 A FAVOR DE JOSÉ RAMÓN JUNQUERA VILANOVA.

Apróbase a solicitude.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de utilización de instalacións á Federación Galega de Baloncesto (minibásquet).

Acórdase conceder carácter prioritario de uso dos pavillóns polideportivos de Vite e Lorenzo de la Torre á Federación Galega de Baloncesto para a practica do minibásquet da temporada 2010/2011.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e o Obradoiro CAB en relación coa utilización do edificio multiusos Fontes do Sar.

Apróbase o devandito convenio no que se recolle a utilización gratuíta por parte do Obradoiro do Edificio do Multiusos Fontes do Sar como consecuencia da súa participación na temporada 2010/2011 na liga de baloncesto Adecco Ouro.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva da actualización da conta de liquidación provisoria da

Reparcelación do polígono A do SUNP-6 de San Lázaro. Liquidación da 1ª cota e urbanización.

Estímase parcialmente unha alegación, rexéitanse as restantes e apróbase definitivamente a actualización da conta de liquidación provisoria da reparcelación do polígono A do SUNP-6 e a liquidación da primeira cota de urbanización.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á reversión por incumprimento de condicións da cesión de parcela á Comunidade Autónoma de Galicia para a construción dun Centro Galego de Artesanía e Deseño.

Acórdase a reversión da porción da parcela R.2 do SUNP-6 de San Lázaro cedida á Xunta en 2006 para a construción dun Centro Galego de Artesanía e Deseño por incumprimento do prazo de dous anos desde a formalización do acordo de cesión (decembro de 2006) para o inicio das obras.

10.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1) na unidade edificatoria 111903 da rúa de Casas Reais, número 20.

Apróbase inicialmente a devandita modificación e sométese o proxecto a información pública durante o prazo dun mes.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de solicitude de envío de peza separada ao Xurado de Expropiación, no proxecto de expropiación para a obtención de terreos para a construción de nova variante entre a Avda. de Lugo (N-550) e Ponte Pedriña (N-525).

Rexéitase a solicitude de remisión da peza separada ao non existir procedemento administrativo que xustifique tal remisión por ser anulado o inicialmente tramitado.

12.- Desestimación de recursos formulados contra a aprobación de pregos do Servizo de Asistencia Xurídica ó Concello de Santiago de Compostela

Desestímense os recursos presentados en base aos informes emitidos pola asesoría xurídica municipal.

13.- Adxudicación do Servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, SA.

14.- Aprobación da Oferta de Emprego Público 2010.

Apróbase a Oferta de Emprego Público 2010 con 24 prazas de quenda libre cadro funcional, 13 de quenda libre cadro laboral e 23 de promoción interna cadro funcional.

15.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa ao inicio do procedemento de desafectación das instalacións do CEIP Ramón Cabanillas.

Acórdase iniciar o procedemento de desafectación das instalacións do CEIP Ramón Cabanillas para dedicalas a uso sociocultural.

16.- Estado de contas do proxecto "Suite" e actualización das mesmas para os anos 2010 e 2011.

Apróbanse as seguintes modificacións:

- a duración do proxecto redúcese de 30 a 28 meses, quedando a finalización da execución do proxecto para o 19 de maio de 2011.
- o socio Siemianowice Slaskie deixa de pertencer ao proxecto e prodúcese unha redución global no proxecto, quedando nun total de 633.237 euros dos previstos inicialmente de 635.000 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á autorización, disposición e recoñecemento de obrigas.

Acórdase a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas por importe de 453.864,72 euros.

18.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Cruz Vermella.

Dáse conta do devandito convenio polo que o Concello achega 11.000 euros.

19.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e a Consellería de Cultura e Turismo para o desenvolvemento do proxecto de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela ao seu paso por San Paio.

Dáse conta do devandito convenio polo que a Consellería achega 153.305,60 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á resolución das incidencias producidas na convocatoria de concesión de bolsas de comedor escolar.

Estímase un recurso, modifícanse varios importes, apróbase un cambio de bolsa, dase de baixa outra, etc.

2.- Concédese a licenza solicitada pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a construción dun novo edificio de Xulgados na parcela SC-16 de uso institucional-administrativo sita na rúa Berlín.